

Normativa para o nomeamento de Membro Honorario do Claustro de Profesores e Profesoras

Aprobado en Xunta de Centro o 23/07/2010

- 1) A Escola Superior de Enxeñaría Informática poderá nomear Membro Honorario do Claustro de Profesores e Profesoras ás persoas físicas que destacaran no campo da investigación, a docencia ou en calquera outra actividade con repercusión notoria e importante para o Centro e/ou para o desenvolvemento da Enxeñaría Informática.
- 2) A proposta para un nomeamento será formulada por calquera membro da Xunta de Centro e deberá estar avalada, polo menos, por 20 membros da mesma, dos que polo menos 15 serán profesores.
- 3) Só se poderá aprobar un máximo de dous nomeamentos por curso académico.
- 4) A proposta será remitida á Xunta de Centro para a súa aprobación, se procede, por unha maioría de 2/3 dos presentes no momento da votación. Para o seu debate na Xunta de Centro, a proposta deberá ir acompañada dunha memoria razoada que fundamente os méritos e/ou circunstancias excepcionais que concurran na persoa candidata.
- 5) O resultado da votación reflexará unicamente se é favorable ou desfavorable.
- 6) O nomeamento de Membro Honorario do Claustro de Profesores e Profesoras será expedido polo Director/a, e escenificarase nun solemne acto académico según o uso tradicional universitario, preferiblemente no seguinte acto de graduación que se celebre.